



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E PASEO MAGDALENA. PAS 2015

Nº Expediente: 2016/C005/000003

Asunto: Contratación de DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E NO PASEO MAGDALENA

Mediante o acordo de Xunta de Goberno Local de data 11.04.2017 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato denominado “DOTACIÓN PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E NO PASEO MAGDALENA. PAS 2015”, por procedemento negociado sen publicidade, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 12.04.2017 foi publicado un anuncio na prensa.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

- GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.
- OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.

A Mesa de contratación, logo das reunións de datas 25.04.2017, 16.05.2017, 25.05.2017, 16.06.2017 e 14.07.2017, valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Apertura de sobres A (documentación administrativa) : admitir a todos os licitadores presentados.

2.- Aprobación da valoración técnica (sobres B) realizada polo Sr. arquitecto municipal con data 11.05.2017, de cuxo informe despréndese o seguinte resultado, de acordo cos criterios de adxudicación e de negociación contidos no prego de cláusulas administrativas:

EMPRESA	PUNTUACION
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	21,20
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	28,00

3.- As ofertas económicas presentadas son as seguintes:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA SEN IVE
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	35.900,00
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	34.872,37

4.- Unha vez realizados os cálculos matemáticos, resulta a seguinte puntuación, que xunto coa valoración das referencias técnicas obtéñese o seguinte resultado:

EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN GARANTÍA	TOTAL
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	21,20	0,22	1 ano	1,00	22,42
OZIONA SOLUC. DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	28,00	4,36	8 anos	10,00	42,36

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





5.- Notificar aos licitadores admitidos a súa posición en canto ás puntuacións totais e parciais obtidas por todas as proposicións admitidas para que, no prazo máximo de 48 horas, presenten unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados (ampliación do prazo de garantía e oferta económica, indicados no anexo II), ou se ratifiquen expresamente na oferta presentada; obténdose a seguinte valoración definitiva:

EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN GARANTÍA	TOTAL
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	21,20	26.900,00	25,00	8 anos	10,00	56,20 (*)
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	28,00	31.447,00	12,55	8 anos	10,00	50,55

6.- Á vista das ofertas económicas presentadas, a nova media aritmética é de 29.173,50 € e o límite da baixa temeraria é 27.255,11 €, polo que a oferta presentada pola empresa “Galitec desarrollos tecnológicos, S.L.” pode conter valores anormais ou desproporcionados. De acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas, no seu artigo 15.5, a Mesa acorda requirir a súa xustificación.

7.- Do informe técnico de data 15.06.2017 despréndese que, desde o punto de vista técnico, non se considera xustificada a baixa desproporcionada ou anormal, polo que a Mesa acorda excluír á empresa “Galitec desarrollos tecnológicos, S.L.” da presente licitación.

8.- Unha vez excluída a empresa “Galitec desarrollos tecnológicos, S.L.”, quedaría unicamente a proposición presentada pola empresa “Oziona soluciones de entretenimiento, S.L.”:

EMPRESA	PUNTUACIÓN TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTUACIÓN AMPLIACIÓN GARANTÍA	TOTAL
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	28,00	31.447,00	15,66	8 anos	10,00	53,66

9.- A Mesa formulou, con data 16.06.2017 unha proposta de adxudicación a favor da seguinte empresa, por presentar unha oferta válida e vantaxosa:

- empresa: OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.
- prezo: 31.447,00 € e 6.603,87 € de IVE, cun total de 38.050,87 €

O día 20.06.2017 requiriuse á empresa “Oziona soluciones de entretenimiento, S.L.” para que presentara a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e constituíra a garantía definitiva polo importe de 1.572,35 euros. Así mesmo se solicitou a acreditación das características técnicas e homologacións dos elementos de xogo a instalar.

Con data 05.07.2017, o adxudicatario proposto constituíu a garantía definitiva polo importe de 1.572,35 euros (Aval núm. 361449 da entidade ABANCA de data 03.07.2017) e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Con data 14.07.2017, á vista do informe favorable da Dirección de obra sobre a documentación presentada, a Mesa de contratación ratificou a súa proposta de adxudicación a favor da empresa “Oziona soluciones de entretenimiento, S.L.”

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 151 e na Disposición Adicional Segunda do TRLSP, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 315/2015 de 01.07.2015 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2. Adxudicar o contrato de subministro e instalación denominado “DOTACIÓN DE PARQUES INFANTÍS NA RÚA ORTIGUEIRA E PASEO MAGDALENA. PAS 2015” por procedemento negociado sen publicidade coas seguintes condicións:

- empresa: OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.
- prezo: 31.447,00 € e 6.603,87 € de IVE, cun total de 38.050,87 €
- prazo de execución: 8 semanas

3. Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.

4. Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

5. Notificar a “Oziona soluciones de entretenimiento, S.L.”, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba a notificación do presente acordo, no Concello de Cedeira.

6. Requirir ao adxudicatario o pagamento dos gastos de publicidade pola publicación do anuncio de licitación na prensa, o cal ascende a 324,28 €

7. Encargar a ATIGA INGENIERÍA, S.L. a **dirección desta obra e coordinación de seguridade e saúde**, nomeando director da obra e coordinador de seguridade e saúde a D. José Juan Tarrío González; e notificar o presente acordo.

8. Publicar a adxudicación deste contrato no Perfil de Contratante do Concello de Cedeira.

9. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra.

10. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333 do TRLCSP, de Contratos do Sector Público.

11. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.

12. Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. Alcaldesa acctal., dona María José Rodríguez Pérez do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

